



ANEXO 1. GUIÓN DO CONTO

TEMA PRINCIPAL

As dificultades que teñen as familias migrantes para atopar casa e a importancia da empatía, a amizade e a xustiza.

Estrutura do conto

Capítulo 1: A maleta azul

- Asha e súa nai chegan a Teo nun autobús.
- Só levan unha maleta azul e unha mochila.
- Van vivir uns días nun cuarto pequeno prestado por un coñecido.

Capítulo 2: As portas pechadas

- Amina chama a moitos anuncios de alugueiro.
- Cando escoitan o seu acento, algúns donos din:
 - “O piso xa está alugado.”
 - “Buscamos outra persoa.”
- Asha espera nos portais mentres a súa nai fala.

Escena clave:

Un dono míraos e di que o piso xa non está dispoñible... pero ao pouco chega outra persoa e ensínallo.

Capítulo 3: O banco do parque

- Un día, despois doutra negativa, Amina senta nun banco do parque.
- Asha debuxa casas nun caderno:
 - Unha casa con moitas portas.
 - Todas abertas.

Uxía pasa por alí e ve o debuxo.

Diálogo importante:

- Uxía: “Por que todas as portas están abertas?”
- Asha: “Porque ninguén debería quedar fóra.”

Capítulo 4: A nova amizade

- Uxía preséntase.



- Falan do colexio e do autobús.
- Uxía descobre que non teñen casa.

Ela di:

- “Iso non é xusto.”

Capítulo 5: A idea de Uxía

- Uxía cóntallo ao seu avó Xoán.
- O avó pensa un momento e di:
 - “As casas son para vivir, non para ter medo.”

Lémbrase de que ten unha casiña pequena que está baleira.

Capítulo 6: A casa pequena

- O avó de Uxía ensínalles unha casiña que ten en propiedade.
- É pequena, pero ten:
 - Unha ventá pola que entra a luz do sol.
 - Unha mesa de madeira.
 - Un hórreo ao lado.

Asha sorrí por primeira vez en días.

Capítulo 7: A festa de benvida

- Os veciños levan:
 - Doces
 - Aperitivos
 - Unha planta de regalo
 - Un balón para Asha

Uxía colga o debuxo das casas que fixo Asha na parede.

O avó di:

- “Esta casa ten a porta aberta para quen a coide.”

Capítulo 8: O novo fogar

- Asha comeza no instituto.
- Xoga ao baloncesto con Uxía.
- Debuxa a casa nova.



● **último debuxo:**

- A casa pequena do avó de Uxía de Teo.
- A porta aberta.
- Un cartel: **“Benvidas todas as persoas.”**